



# Os Decretos de Nova Planta

Inclúe a Pregunta para desenvolver nº7:  
Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos

---

2º Bach. - IES Mendiño - 2023/2024  
Prof. Xoel Díaz Alonso



NUEVA PLANTA  
DE LA  
REAL AUDIENCIA  
DEL  
REYNO DEMALLORCA

Establecida por su Magestad  
con Real Cedula de diez y seys

# Decretos de Nova Planta

# Decreto de Nova Planta

- Felipe V de Borbón foi coronado como novo rei de España no ano 1700, ainda que depois se iniciara a Guerra de Sucesión.
- A Monarquía Hispánica era un conglomerado de reinos, cada un dos cales tiña leis, foros e institucións diferentes.



# Decretos de Nova Planta



# Decretos de Nova Planta

- Os Decretos de Nova Planta forman parte dun **programa de reformas políticas e administrativas** de Felipe V.
- O obxectivo era establecer unha **maior centralización do poder político e a unificación lexislativa e institucional**.



# Decreto de Nova Planta

- Durante a Guerra de Sucesión fóreronse **abolindo os privilexios forais dos territorios da Coroa de Aragón** (Aragón, Cataluña, Valencia e Mallorca), partidarios de Carlos de Habsburgo.
- As vitorias de Felipe V permitiron que fora impoñendo as leis de Castela en todos os reinos.



# Decretos de Nova Planta



# Decretos de Nova Planta

- Coz Decretos de Nova Planta, os reinos aragoneses perderon a súa autonomía, sendo sometidos aos **modelos casteláns**:
  - As *institucións particulares aragonesas* (Cortes, Deputacións, Consellos, Generalitat) foron **suprimidas**.



# Decreto de Nova Planta

- Os vicerreis foron substituídos polos **capitáns xenerais** (rebaixando as súas atribucións).
- Os **concellos** foron sometidos á **autoridade dos correidores**, e introducíronse os **intendentes**.



# Decreto de Nova Planta

- Os tribunais foron modificados coa *creación das Audiencias* en Zaragoza, Valencia, Barcelona e Mallorca, imitando as de Castela.
- O *dereito público* aplicado será o castelán (aínda que pervive o civil catalán), e o *castelán* pasa a ser a lingua da Administración.



# Decreto de Nova Planta

- Ao perder as súas institucións, Aragón perde a capacidade de limitar ao rei para cobrar novos tributos. Queda así *sometido á legislación tributaria castelá*.
- Impuxéronse tamén as *quintas para o reclutamento* de soldados, das que antes os aragoneses estaban excluídos.



# Decretos de Nova Planta

- No terreo económico, os territorios aragoneses saen favorecidos destes cambios.
- Debido á supresión das aduanas interiores, os comerciantes cataláns puideron expandirse, iniciando o seu despegue económico.



# Decretos de Nova Planta

- Cos Decretos de Nova Planta **incrementouse o centralismo** borbónico, cunha **maior uniformización dos territorios**.
- Aínda así, **subsistiron numerosos particularismos** (Navarra, provincias vascas...) grazas ao apoio dalgúns territorios á causa borbónica.





*Á*nimo co estudo!

